



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2016**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día dez de outubro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona María Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de data 3 de outubro de 2016**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro de 2016, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros presentes que asistiron á citada sesión (don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona María Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto), aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución conxunta do 26 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (Diario Oficial de Galicia número 189, do 4 de outubro de 2016).

- Escrito do concelleiro de ACdC-SON, Antonio Bruquetas Santos, rexistrado de entrada ao número 999/105 o 4 de outubro de 2016, no que comunica a súa ausencia do termo municipal de Cambre dende o día 4 de outubro ata o día 17 de outubro de 2016.

- Anuncio do servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente, Sección Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente, de modificación de referencias temporais nas bases reguladoras do Plan provincial de medio ambiente (PMA) 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 190, do 5 de outubro de 2016).



- Orden HAP/1610/2016, do 6 de outubro, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se aproba a segunda convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostibles 2014-2020. (Boletín Oficial do Estado número 243, do 7 de outubro de 2016).

- Resolución do 4 de outubro de 2016, da Dirección Xeral de Emprego, Ministerio de Emprego e Seguridade Social, pola que se publica a relación de festas laborais para o ano 2017. (Boletín Oficial do Estado número 244, do 8 de outubro de 2016).

- Resolución conxunta do 15 de setembro de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se acorda a habilitación dos centros de saúde e hospitais do Sistema Galego de Saúde como centros acreditadores do servizo de claves concertadas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia Chave365. (Diario Oficial de Galicia número 193, do 10 de outubro de 2016).

### **3º. Expedientes de contratación**

#### **3.1. Proposta de aprobación do Plan de Xestión de Residuos e Programa de Traballo da obra “Aparcadoiros provisionais na UE-4 e na Coutelana”**

Logo de ver o expediente de contratación incoado co número 2016/C002/000023 para a adxudicación, mediante a modalidade de contrato menor, da obra “Aparcadoiros provisionais na UE-4 e na Coutelana”,

Logo de ver que con data 14 de setembro de 2016 e número de rexistro de entrada 0/7705 a entidade adxudicataria presentou o Plan de Xestión de Residuos e o Programa de Obra,

Á vista do informe favorable de data 9 de setembro de 2016 emitido polo enxeñeiro de camiños municipal, designado como director da obra mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de setembro de 2016.

Á vista do establecido para o efecto no Real decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio de data 4 de outubro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

**Primeiro:** Aprobar o plan de xestión de residuos e mailo programa de traballo presentados pola empresa “Construcciones López Cao, S.L.” para a execución da obra denominada “Aparcadoiros provisionais na UE-4 e na Coutelana”.

**Segundo:** Notificar aos interesados.

#### **3.2. Incautación e execución do aval presentado para garantir a correcta execución da obra cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro das Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a concellos e outras entidades locais, para**



**investimentos de promoción económica, ano 2014, Programa FOAYIA, denominada “Reparación da cuberta nos nichos do cemiterio municipal, Santa María de Cambre”**

Con data do 26 de febreiro de 2015, subscríbese entre o Concello de Cambre e a entidade “Excavaciones y Obras Melchor, S.L.” o contrato administrativo para execución da obra cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro das Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, para investimentos de promoción económica, ano 2014, Programa FOAYIA, denominada **“Reparación da cuberta nos nichos do cemiterio municipal, Santa María de Cambre”**, e por un importe contractual de 41.981,29 euros, IVE incluído.

Para garantir a correcta execución deste obra, o contratista adxudicatario constituíu a garantía definitiva, por importe de 1.734,76 euros, mediante aval nº 08139-00680 da entidade “Banco Pastor”, de data 5 de febreiro de 2015, depositado na Tesourería Municipal o 10 de febreiro seguinte.

Con data do 19 de marzo de 2015, subscríbese a Acta de comprobación do replanteo. O 30 de abril de 2015, emítase Acta de recepción con reservas, facendo constar que *“Deberán montarse adecuadamente los elementos de impermeabilización y nueva cubierta”*.

O 29 de xuño de 2016, o arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, emite informe no que fai constar que as deficiencias anteditas foron solventadas, segundo comprobación efectuada o 28 de maio de 2015, se ben, durante o prazo de garantía, observáronse novas deficiencias na obra, para cuxa solución foi requirido o adxudicatario, sen que, á data da emisión do informe técnico, estivesen solucionadas.

Consta no expediente o informe emitido pola secretaria accidental e máis polo interventor municipais de data 3 de outubro actual, que contén a proposta de acordos a adoptar para a incautación e execución do aval presentado para garantir a correcta execución da obra.

Tendo en conta o exposto nos artigos 95, 100, 102, 222, 229, 230 e 235 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e arts. 97 e 109 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas.

Vista a proposta da Alcaldía de data 3 de outubro de 2016:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

**Primeiro:** Incoar expediente de incautación e execución da garantía definitiva depositada no expediente nº 2014/C003/000009, pola entidade “Excavaciones y Obras Melchor, S.L.”, adxudicataria da obra cofinanciada pola Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro das Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, para investimentos de promoción económica, ano 2014, Programa FOAYIA, denominada **“Reparación da cuberta nos nichos do cemiterio municipal, Santa María de Cambre”**, garantía por importe de 1.734,76 euros, e que foi constituída mediante aval nº 08139-00680 da entidade “Banco Pastor”, de data 5 de febreiro de 2015, depositado na Tesourería Municipal o 10 de febreiro seguinte.



Os motivos da incautación consisten na detección, polo arquitecto municipal, durante o prazo de garantía das obras, de deficiencias que a día de hoxe aínda non foron corrixidas, pese aos requirimentos dirixidos ao contratista para o efecto, e que, segundo informe do arquitecto municipal de data 29 de marzo de 2016, valóranse en 1.734,76 euros IVE incluído, e se refíren a:

- Deficiencias nos encontros de pranchas de fibrocemento e paramenta, que deberán repararse e protexerse con dúas mans de pintura de caucho, membrana de fibra e man de pintura de acabado
- Falta de prancha de fibrocemento, que deberá colocarse, con realización de asento con morteiro hidrófugo
- Deficiencias en dúas zonas onde non se instalaron pranchas de fibrocemento debido á xeometría da cuberta, que deberán repasarse, limpase e rematarse con dúas mans de pintura de caucho, membrana de fibra e man de acabado de caucho.

Segundo: De conformidade co establecido nos artigos 97 e 109 do Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 do 12 de outubro, dar audiencia polo prazo de dez días naturais a contar desde o seguinte ao da notificación do presente acordo, ás entidades contratista ("Excavaciones y Obras Melchor, S.L." ) e avalista ("Banco Pastor"), co fin de que poidan efectuar as alegacións e suxestións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes .

Terceiro: Transcorrido que sexa o antedito prazo de audiencia, continuar o expediente polos seus trámites, con traslado ao Departamento de Tesourería municipal, para incautación e execución do aval depositado para garantir a correcta execución da obra.

**3.3. Proposta de aprobación do Plan de Xestión de Residuos, e máis do Programa de Traballo, presentados pola empresa "Jardinería Arce, S.L.", adxudicataria da obra incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, da Excma. Deputación Provincial da Coruña "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol municipal de Os Pinares (Brexo-Lema)**

Visto o expediente de contratación incoado co número 2016/C003/000007 para a adxudicación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, da obra incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, da Excma. Deputación Provincial da Coruña "**Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol municipal de Os Pinares" (Brexo-Lema)**".

Vistos o plan de xestión de residuos e mailo programa de traballo presentados pola empresa adxudicataria da obra, "**Jardinería Arce S.L.**" con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 3 de outubro de 2016, rexistrado co número 0/8492.

Visto o informe favorable á aprobación do plan de xestión de residuos, presentado con data 4 de outubro de 2016, número de rexistro 0/8590, e emitido pola enxeñeira de camiños canles e portos, dona Elena Urcola Tellería, da empresa "Enurcoin S.L." designada como directora da obra por acordo da Xunta de Goberno Local do día 23 de setembro de 2016.

Vistos os informes favorables á aprobación do plan de xestión de residuos e do programa de traballo, emitidos polo responsable do contrato, o arquitecto municipal, con data 4 de outubro de 2016.



Vista a proposta formulada polo concelleiro-delegado de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 5 de outubro actual.

Á vista do establecido no Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción, así como o disposto na cláusula 18.3 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación.

Vista a proposta de Alcaldía de data 5 de outubro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar o plan de xestión de residuos presentado pola empresa “*Jardinería Arce S.L.*” para execución da obra denominada “*Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol municipal de Os Pinares (Brexo-Lema)*” incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, da Excm. Deputación Provincial da Coruña, (Expte 2016/C003/000007).

Segundo: Aprobar o Programa de Traballo presentado pola Empresa “*Jardinería Arce S.L.*” para a execución da obra denominada “*Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol municipal de Os Pinares (Brexo-Lema)*” incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Excm. Deputación Provincial da Coruña, (Expte 2016/C003/000007).

Terceiro: Notificar aos interesados.

#### **4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes toman coñecemento das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 30 de setembro ao 5 de outubro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio número 1557/2016 e remata coa resolución de Alcaldía número 1594/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1557/2016	30/09/2016	Expediente de orde de execución 2015/1002/000140 por estado de finca sita en Anceis, Cambre.
1558/2016	30/09/2016	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de outubro de 2016
1559/2016	30/09/2016	Resolución solicitude redución de xornada para coidado de fillos menores.
1560/2016	30/09/2016	Resolución de modificación do artigo 3 do Regulamento de axudas económicas contemplado no Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Cambre.
1561/2016	30/09/2016	Número de inscrición da Asociación de Nais e Pais Castelao do Instituto Afonso X “O Sabio” da Barcala (Cambre) no Rexistro municipal de asociacións veciñais (RMAV)
1562/2016	30/09/2016	Número de inscrición da Asociación cultural social de mulleres Nosa



		Señora da Visitación de Cambre no Rexistro municipal de asociacións veciñais (RMAV)
1563/2016	30/09/2016	Número de inscrición Club de Chave Amigos A Barcala de Cambre no Rexistro municipal de asociacións veciñais (RMAV)
1564/2016	30/09/2016	Licenza parcelación urbanística en lugar Quintan, Cecebre
1565/2016	30/09/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000215 por estado de finca sita en Lugar de Retiro, Meixigo, Cambre.
1566/2016	30/09/2016	Concesión axuda material escolar a P.Y.L. por importe de 150 euros
1567/2016	30/09/2016	Concesión axuda material escolar e libros de texto a G.I.R. por importe de 142,21 euros
1568/2016	30/09/2016	Concesión axuda material escolar e libros de texto a M.M.M.J. por importe de 67,60 euros
1569/2016	30/09/2016	Concesión axuda material escolar e libros texto a F.N.F.M. por importe de 61,42 euros
1570/2016	30/09/2016	Concesión axuda material escolar e libros de texto a K.V.M.F. por importe de 22,88 euros
1571/2016	30/09/2016	Concesión axuda material escolar a E.J.G. por importe de 150 euros
1572/2016	30/09/2016	Concesión axuda material escolar e libros de texto a M.M.P. por importe de 150 euros
1573/2016	30/09/2016	Concesión axuda material escolar e libros de texto a M.B.I.P. por importe de 119,35 euros
1574/2016	30/09/2016	Finde xuvenil 2016 do Programa TDI (Todos deben involucrarse).
1575/2016	03/10/2016	Concesión axuda material escolar a A.C.B.M. por importe de 300 euros
1576/2016	03/10/2016	Expediente de reposición da legalidade 2016/I002/000142 por construción de peche sen respectar os retranqueos e colocación de caseta de obra en finca sita en Sobrecarreira, Sigrás
1577/2016	03/10/2016	Expediente sancionador 2016/I001/000033 por construción de peche sen respectar os retranqueos e colocación de caseta de obra en finca sita en Sobrecarreira, Sigrás.
1578/2016	03/10/2016	Resolución pagamento 2º nómina mes de setembro por un importe bruto de 725,16 euros.
1579/2016	03/10/2016	Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e varias empresas para a realización de prácticas profesionais dos/as alumnos/as do curso "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio" nº397 Plan de Accións de Formación para traballadores prioritariamente Desempregados AFD 2016
1580/2016	03/10/2016	Celebración voda civil de S.M.S. e N.P.T. o 8 de outubro de 2016 as 13:30 horas.
1581/2016	03/10/2016	Concesión axuda aluguer a J.L.T.O. por importe de 350 euros

1582/2016	04/10/2016	Expediente de transferencia de crédito número 12/2016. Préstamos ao persoal
1583/2016	04/10/2016	Aprobación "Programas educativos e de conciliación, curso escolar 2016-2017".
1584/2016	04/10/2016	Aprobación da actividade de dos gastos do XVI Curso de voluntariado do Concello de Cambre 2016
1585/2016	05/10/2016	Solicitud de anticipo de 3000 euros de funcionario de carreira
1586/2016	05/10/2016	Expediente de xeración de crédito número 14/2016. Novidades editoriais en galego
1587/2016	05/10/2016	Aprobación da actividade e dos gastos dos Obradoiros de Coeducación nos IES de Cambre e das actividades de sensibilización contra a violencia de xénero nos IES
1588/2016	05/10/2016	Expediente de xeración de crédito número 13/2016. Obradoiro de emprego 16/17
1589/2016	05/10/2016	Aprobación padrón auga e rede de sumidoiros terceiro trimestre 2016
1590/2016	05/10/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: EST-2016-4
1591/2016	05/10/2016	Concesión de licenza para posesión de animais potencialmente perigosos a P.V.M.
1592/2016	05/10/2016	Aprobación de pago a xustificar para o desenvolvemento do XVI curso de voluntariado Concello de Cambre
1593/2016	05/10/2016	Aprobación de facturas (ASICASA e máis), e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 73.823,71 euros.
1594/2016	05/10/2016	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas (FA, SL e máis), por importe total de 81.734,79 euros.

## **5º. Informes doutros asuntos de área**

### **Informes da alcaldía**

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Durante a semana mantivo reunións relativas aos orzamentos do 2017 coas asociacións de veciños de Brexo-Lema, Temple, Pravio e Cela, acompañado de varios concelleiros do equipo de goberno.
- Recibiu en Alcaldía á nova directiva da asociación da 3ª idade da Barcala, acompañado da concelleira de Movemento Asociativo.
- Mantiveron unha reunión con don Rafael Eimil Apenela, xefe de Demarcación de Costas na Coruña, na que faláron do deslinde de costas.
- O venres, acompañado da secretaria xeral, recibiu á empresa Ambiser, que lles fixo unha demostración sobre as posibilidades de retransmisión de plenos e elaboración de videoactas.



Dentro da área de Movemento Asociativo dáse conta das seguintes actuacións realizadas pola concelleira dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández:

- O luns día 3 recibiu ao presidente do club de fútbol de Cecebre Lendoiro, don Manuel Mato, quen lle deu traslado duns problemas que foron comunicados e atendidos polo departamento de Deportes.
- O martes día 4 achegouse xunto con persoal municipal á Asociación Arrigada co fin de poder elaborar un orzamento por uns danos existentes no local.
- O mércores día 5 mantivo unha reunión cos presidentes da Asociación de Caza e Pesca de Cambre, e co presidente da Asociación de Musi-Cambre, co fin de acadar un acordo entre ambas asociacións sobre o horario de uso do local, e aproveitar para facer un inventario do mobiliario do dito local.
- O xoves día 6 trasladouse xunto co responsable de informática municipal á asociación Arela, para resolver uns problemas que tiñan co sinal wifi.
- O domingo día 9, ás 19:00 horas, ante a imposibilidade de asistencia do concelleiro da Área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, asistiu en representación do Concello de Cambre á clausura do Encontro internacional de música de pulso e púa en Galicia, que tivo lugar no Palacio da Ópera na Coruña.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais**

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta dos seguintes asuntos:

- Mantivo reunións coa Mesa de Negociación co fin de tratar os temas relativos a axudas sociais, produtividade e conciliación da vida laboral e familiar. Quedaron pendentes de celebrar unha próxima reunión para dar por formalizada a negociación.
- Recibiu á enxeñeira técnica de obras públicas municipal quen puxo no seu coñecemento as súas reivindicacións laborais.
- Mantivo unha reunión coa auxiliar administrativa do departamento de Deportes co fin de aclarar un problema xurdido o sábado que traballou en Rexistro. Contestousélle a persoa denunciante, logo de obter a información dunha testemuña.
- Foi invitado á reunión mantida entre a empresa O Espertar, adxudicataria do servizo de axuda no fogar, e os representantes sindicais de UXT, onde se puxeron de manifesto as diferenzas de criterio existentes, isto co fin de poñer todos os medios para evitar futuros problemas.

#### **Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio**

Don Juan González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:





- O día 3-10-2016, luns, mantivo unha reunión co equipo redactor de EDUSI Metropolitana, contratada por Coruña, co obxecto de intercambio de consideracións xenéricas sobre a área.

- O día 7-10-16 publicáronse os resultados da primeira fase EDUSI. A Coruña non lle outorgan ningunha cantidade polo que haberá que reconducir a estratexia do EDUSI Metropolitan.

### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 3 de outubro levouse a cabo o peche dos convenios coas entidades colaboradoras do curso atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio: Fespa (Fundación para el estudio y la promoción de la acción social), Eulen Servicios sociosanitarios S.L. e O Espertar (Servizo de SAD do Concello de Cambre).

- O día 4 de outubro aprobouse a xeración de crédito do Obradoiro de emprego “Cambre-Sada Atención sociosanitaria II”.

- O día 6 de outubro, a partir das 10:00 horas, xunto coa responsable da ADL, Ana Portela, acudiron ás empresas conveniadas para a realización de prácticas do alumnado das especialidades “Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas”. Aproveitando a recollida en Eulen do convenio de mantemento, intentouse a recollida do convenio do curso sociosanitario, pero estaba sen asinar.

- O día 7 de outubro realizou unha visita ao Centro de Formación para ver o funcionamento dos cursos que se están a desenvolver e resolver pequenos conflitos xurdidos entre algún alumno e o equipo docente.

Tamén realizou unha visita ao equipo técnico do Obradoiro de emprego Cambre-Sada Atención Sociosanitaria II, para ver como vai o inicio do proxecto.

### **Informes da concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude**

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- A App da Omix xa tivo 1.074 descargas e 11.165 visitas.

- Suspendeuse o “finde” de escalada que estaba previsto para os días 8 e 9 de outubro, debido a que non se acadou o quórum mínimo de participación.

### **Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación**

Dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González dá conta dos seguintes asuntos:

- Luns 3, inauguración obradoiro de conserva vexetais na cociña de Servizos Sociais.

- Mércores 5, inauguración da actividade Educar Xogando.

- Domingo 9, clausura do XVI Curso de Voluntariado Concello de Cambre.



### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Tradicións Populares e Deportes**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Do 3 ao 7 de outubro tiveron lugar na Casa da Cultura (Vila Concepción) os faladoiros da XXV Semana micolóxica de Cambre.
- O día 5 de outubro acudiu á Biblioteca Central de Cambre onde se puxo en marcha o club de lectura.
- O día 7 de outubro, ás 18:00 horas, deu comezo o Obradoiro de iniciación ao cálculo mental para escolares na Casa da Cultura (Vila Concepción), dirixido a nenos e nenas de educación primaria e 1º e 2º de ESO.

Ese mesmo día, ás 20:30 horas, e dentro do programa de actuacións do Encontro internacional de música de pulso e púa, o grupo Fado 111 de Guimaraes actuou na igrexa de Santa María de Cambre.

- Por último, informa que continúa o desenvolvemento dos deportes federados nos campos de fútbol municipais.

### **Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade**

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- O martes 4 asistiu ao consello escolar do CEIP Torrente Ballester de Sigrás.
- O xoves e o venres asistiu ás xornadas “Convivencia de seguridade vía laboral e avaliación de boas prácticas en educación viaria” celebradas en Ibias (Asturias).

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- adxudicación da actuación denominada “Remodelación dos parques de xogos infantís na escola unitaria de Pravio e no CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás”
- adxudicación do servizo de desbroce de fincas de titularidade municipal, e
- modificación do proxecto correspondente á obra incluída no POS Adicional 1/2013 “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta.

**A) Adxudicación á empresa “Jardinería Arce, S.L.”, no importe ofertado de 7.773,61 euros, da actuación denominada “Remodelación dos parques de xogos infantís na escola unitaria de Pravio e no CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás”**



Con data 31 de agosto de 2016, a animadora deportiva adscrita a Educación co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas e máis da concelleira-delegada da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación, emite informe no que se propón a contratación menor da actuación denominada “Remodelación dos parques de xogos infantís na escola unitaria de Pravio e no CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás”, isto á vista da deterioración dos parques destes centros educativos, detectada trala realización de diversas visitas de inspección.

Á antedita proposta, achégase a memoria valorada realizada polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, que se acompaña dun informe técnico de data 12 de agosto de 2016, e nos que se valoran as actuacións a realizar, (consistentes na restauración de xogos, reubicación destes, instalación de novos xogos e substitución dos pavimentos das zonas dos parques infantís da escola unitaria de Pravio e do CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás), nun importe de execución por contrata de 10.095,59 euros IVE incluído (valor estimado: 8.343,46 euros).

Con data 1 de setembro de 2016, remitíronse invitacións, mediante correo electrónico, para participar na presente licitación, a tres empresas, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, (“ALVAC S.A.”, “JARDINERIA ARCE S.L.” e “PLAY GROUNDS”), quedando no expediente a acreditación da recepción das invitacións enviadas. Das tres empresas invitadas, soamente as dúas primeiras, citadas anteriormente, presentaron oferta, que constan rexistradas no expediente, constando a renuncia presentada pola entidade Play Grounds.

Con data do 5 de outubro de 2016 emitíuse proposta de adxudicación pola animadora deportiva adscrita a Educación, co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas e da concelleira-delegada da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación, a prol da entidade “JARDINERIA ARCE S.L.”, por ser a que maior puntuación obtén na valoración do criterio de adxudicación factor prezo, único valorable no presente procedemento, ao efectuar a oferta máis baixa e que resultou debidamente xustificada segundo informe emitido polo arquitecto municipal con data do 04/10/16, comprometéndose á execución do contrato no importe total de 7.773,61 euros, IVE incluído.

A Intervención municipal emitiu documento de retención de crédito de data 31 de agosto de 2016.

Os artigos 111 e 138.3 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), establecen que nos contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000,00 euros, e nos contratos de subministracións os de importe inferior a 18.000,00 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 6 de outubro actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/000020.

Vista a proposta formulada pola concelleira-delegada da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación, con data do 6 de outubro de 2016.

Vista a proposta de Alcaldía de data 6 de outubro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

**Primeiro:** Aprobar a proposta presentada pola animadora deportiva adscrita a Educación co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas e máis da concelleira-delegada da Área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación, para a contratación menor da actuación denominada “Remodelación dos parques de xogos infantís na escola unitaria de Pravio e no CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás”, así como a memoria valorada realizada polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, que se acompaña dun informe técnico de data 12 de agosto de 2016, e nos que se valoran as actuacións a realizar, nun importe de execución por contrata de 10.095,59 euros IVE incluído (valor estimado: 8.343,46 euros).

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación 2016 323.21200 “Mantemento Edificios ensinanza infantil e primaria”.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2016/C002/000020, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

**Cuarto:** Admitir na licitación ás dúas entidades invitadas e que presentaron oferta, sendo estas: “ALVAC S.A.” e “JARDINERIA ARCE S.L.”

**Quinto:** Adxudicar o contrato no prezo ofertado de 7.773,61 euros, IVE incluído, á empresa “JARDINERIA ARCE S.L.” con CIF B-15.547.979 e enderezo na rúa Manuel Murguía 4-6, entresollado, 15011 A Coruña, por ser o licitador que maior puntuación obtén na valoración do criterio de adxudicación factor prezo, único valorable no presente procedemento, ao efectuar a oferta máis baixa e que resultou debidamente xustificada segundo informe emitido polo arquitecto municipal con data do 04/10/16.

A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

Empresa licitadora	TOTAL PUNTOS
JARDINERIA ARCE S.L.	100,00
ALVAC	41,17

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

**Sétimo:** Designarase como director da obra e máis como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.



**Oitavo:** Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención, Urbanismo e Educación, e á técnica de xestión de Administración xeral - responsable de Contratación, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**B) Adxudicación do servizo de desbroce de fincas de titularidade municipal á empresa "Forestal de Pazos, S.L.", no importe ofertado de 8.059,68 euros, IVE incluído**

Logo de ver o expediente de contratación incoado co número 2016/C002/000024 para a adxudicación, mediante a modalidade de contrato menor, do servizo denominado "Desbroce de fincas de titularidade municipal", por un valor estimado (IVE excluído) de 11.710,08 €.

Logo de ver que con data 7 de setembro de 2016 emitíuse proposta de adxudicación pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal a prol da entidade "Copcisa, S.A.", por ser a que maior puntuación obtén na valoración do criterio de adxudicación factor prezo, ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución do contrato no impoite total de 7.082,53 €, IVE incluído.

Logo de ver que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 19 de setembro de 2016, adoptou entre outros, o acordo de adxudicar o servizo de desbroce das fincas de titularidade municipal á empresa Copcisa, S.A polo importe ofertado de 7.082,53 €, sendo a orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, a seguinte:

Empresa	Orde de puntuación
Copcisa, S.A.	1º
Forestal de Pazos, S.L.	2º
Murat Construcción y Mantenimiento, S.L.	3º
Alvac, S.A.	4º
Arce Jardinería	5º

Logo de ver que no prazo outorgado a Copcisa, S.A., de 2 días hábiles, para que presentase a documentación acreditativa de que dispón dos medios materiais e persoais necesarios para prestar o servizo coa finalidade de comprobar o cumprimento do disposto no artigo 227 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, respecto da subcontratación máxima, o contratista adxudicatario non presentou a antedita documentación.

Logo de ver o escrito presentado por Copcisa, S.A., con data de rexistro de entrada do día 4 de outubro de 2016 e número 0/8596, mediante o que comunica que desisten ou renuncian á execución do servizo denominado "Desbroce de fincas de titularidade municipal".

Á vista do informe emitido pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, de data 7 de outubro de 2016, no que se propón adxudicar ao licitador que presentou a segunda oferta máis vantaxosa economicamente, isto é, Forestal de Pazos, S.L, entidade que xustificou documentalmente a dispoñibilidade de medios materiais e persoais para a prestación do servizo mediante escrito presentado o 5 de outubro de 2016 e rexistrado ao número 0/8656.

Vista a proposta formulada polo concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio de data 7 de outubro de 2016.



Vista a proposta de Alcaldía de data 7 de outubro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

**Primeiro:** Adxudicar o servizo denominado “Desbroce de fincas de titularidade municipal” a prol da entidade Forestal de Pazos, S.L.”, por ser o seguinte licitador en orde decretente, con CIF nº B15643257, e domicilio social na rúa Menéndez Pelayo, nº 8-2º, C.P. 15005 da Coruña, no prezo ofertado de 8.059,68 €, IVE incluído.

**Segundo:** De conformidade co establecido no artigo 111.1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no artigo 72.1 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

**Terceiro:** Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención e Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral responsable de Contratación, para a asúa constancia e aos efectos oportunos.

**C) Modificación do proxecto correspondente á obra incluída no POS Adicional 1/2013 “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, adxudicada á entidade “SYR-AMG, S.L.U.”. Expediente de contratación 2014/C003/000004**

Vista a proposta de Alcaldía de data 10 de outubro de 2016 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 4 de abril de 2016 que se transcribe a continuación:

**Primeiro:** Declarar a caducidade do expediente incoado por Resolución núm. 1791/2016, do 15 de outubro, do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, de resolución do contrato subscrito o día 8 de xaneiro de 2015 coa entidade “SYR-AMG, S.L.U.” para a execución da obra incluída no POS Adicional 1/2013 da Deputación Provincial da Coruña, denominada “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, expediente de contratación núm. 2014/C003/000004, así como o arquivo das actuacións, isto de conformidade co establecido nos artigos 42 e 87 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, por terminación do procedemento por transcurso do prazo de 3 meses para resolver e notificar a resolución.

**Segundo:** Retrotraer as actuacións ao momento procedimental de presentación do escrito de alegacións polo contratista o 18 de xullo de 2015, no que, entre outros extremos, alega que no CD que o Concello facilitou á empresa para a elaboración da oferta económica non se incluía o Anexo 4 correspondente ao Plan de xestión de residuos, senón que se incorporou con posterioridade á elaboración da oferta económica, aprobación e adxudicación, concedéndolle o prazo de 10 días hábiles dende que reciba a notificación do presenta acordo para que compareza ante a secretaria xeral achegando o CD que lle foi entregado no seu día, co fin de que pola dita funcionaria, no exercicio das funcións de fe pública, se comprobe e levante acta do contido do dito CD.

Todo isto con base no establecido no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e ao acordo da Sección de Ditames do



Consello Consultivo de Galicia polo que se acordou devolver o expediente por falta de contestación ás alegacións do contratista, facendo constar que estas non foron obxecto dun expreso pronunciamento sobre a súa exactitude.”

Visto o informe emitido pola secretaria xeral o 9 de agosto de 2016 no que consta a dilixencia do recibí por don José Antonio Gómez Rodríguez en representación da entidade SYR-AMG, S.L.U. na mesma data.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral o 10 de outubro de 2016 que se transcribe a continuación:

#### “ANTECEDENTES

1.- Os que se relacionan no informe emitido por esta funcionaria o 9 de agosto de 2016, no que consta a dilixencia do “recibí” por don José Antonio Gómez Rodríguez en representación da entidade “SYR-AMG, S.L.U.”, adxudataria da obra de referencia, o mesmo día 9 de agosto, durante a reunión mantida co concelleiro delegado de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio don Juan González Leirós, o contratista e a funcionaria informante, no despacho do dito concelleiro.

Na mesma reunión fíxoselle entrega dun modelo de plan de xestión de residuos elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 8 de agosto de 2016, constando o “recibí”.

O dito modelo de plan de xestión de residuos foi realizado con base no proxecto orixinal, proposta de proxecto modificado nº 1, presentada polo director de obra, e os plans presentados pola empresa, introducindo as correccións propostas polo director de obra e a propia enxeñeira técnica de obras públicas municipal, para a súa aceptación e sinatura por parte do contratista, e así poder ser aprobado polo concello de forma inmediata e dar inicio ás obras.

2.- Providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, do 7 de outubro de 2016 na que se fai constar, segundo transcripción literal:

*“Na dita reunión o contratista, ante este concelleiro e a secretaria xeral, amosou a súa disposición a executar a obra nos termos do contrato, quedando, non obstante, de comunicar ao concello a dita circunstancia unha vez lidos os informes e o plan de xestión, que durante a reunión lle foron amplamente explicados.*

*A día de hoxe, este concelleiro mantivo sendas conversacións co contratista quen, en conclusión, a pesar do exposto na reunión, mantén a súa posición de non executar o contrato nas condicións establecidas, pretendendo que se modifique o contrato tal e como consta nos escritos presentados.*

*O que poño en coñecemento da secretaria xeral, funcionaria que emitiu o último informe, co fin de continuar coa tramitación do expediente que proceda.”*

#### INFORME

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de abril de 2016, tal e como consta no apartado **Segundo**, acordou:

*“Retrotraer as actuacións ao momento procedimental de presentación do escrito de alegacións polo contratista o 18 de xullo de 2015, no que, entre outros extremos, alega que no CD que o Concello facilitou á empresa para a elaboración da oferta económica non se incluía o Anexo 4 correspondente ao Plan de xestión de residuos, senón que se incorporou con posterioridade á elaboración da oferta económica, aprobación e adxudicación, concedéndolle o prazo de 10 días hábiles dende que reciba a notificación do*



*presenta acordo para que compareza ante a secretaria xeral achegando o CD que lle foi entregado no seu día, co fin de que pola dita funcionaria, no exercicio das funcións de fe pública, se comprobe e levante acta do contido do dito CD.*

*Todo isto con base no establecido no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e ao acordo da Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia polo que se acordou devolver o expediente por falta de contestación ás alegacións do contratista, facendo constar que estas non foron obxecto dun expreso pronunciamento sobre a súa exactitude.”*

Pois ben, esta funcionaria ratifícase no informe emitido o 9 de agosto de 2016, e entregado ao contratista ese mesmo día, no que se dá cumprida contestación non só á alegación presentada o 18 de xullo de 2015 en trámite de audiencia á proposta de modificación do proxecto por parte do director de obra, senón tamén á valoración da xestión de residuos presentada o 20 de abril de 2015 por importe de 27.125,04 euros IVE incluído, e aos escritos presentados o 17 de agosto de 2015 unha vez recibida a notificación de aprobación do modificado, e escrito do 30 de outubro de 2015, en trámite de audiencia ao expediente de resolución do contrato.

Non obstante, no presente informe modifícase a proposta de acordos a adoptar formulada no informe do 9 de agosto de 2016, polos seguintes motivos:

- 1.- Non consta, e debe constar de forma expresa nos acordos, as alegacións que se admiten e as que son rexeitadas, iso con base nos informes técnicos e xurídicos emitidos.
- 2.- Como consecuencia do anterior debe constar a ratificación da aprobación do modificado proposto polo director de obra, o cal foi aprobado mediante Resolución número 1368/2015, do 6 de agosto, do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos.
- 3.- Por esta funcionaria propúxose que:

*“No suposto de que no citado prazo o contratista non presente o Plan de xestión de residuos, se incoará expediente de resolución do contrato pola causa establecida no artigo 223.g) do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, iniciándose asemade o procedemento para adxudicar o novo contrato, se ben a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución, aplicándose a tramitación de urxencia a ambos procedementos, todo isto de conformidade co establecido no artigo 224.6 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e sen prexuízo de que, con anterioridade ao inicio de ambos procedementos, se poida chegar a unha resolución do contrato por mutuo acordo.”*

A aplicación da dita causa de resolución o foi con base na consideración de que en todos os escritos presentados, o contratista amosou a súa disposición a iniciar a obra o máis rápido posible alegando en todos os escritos presentados a falta de contestación ao plan de xestión de residuos presentado por el o 20 de abril de 2015, e tendo en conta que no informe xurídico quedan amplamente contestadas as alegacións formuladas polo contratista ao longo de todo o expediente, así como a obriga do contratista de presentar o plan de xestión de residuos adaptado ás valoracións contidas no proxecto.

Tendo en conta o tempo transcorrido, e as sucesivas prórrogas concedidas pola Excm. Deputación Provincial da Coruña ao longo destes anos, a aplicación da causa de resolución prevista na letra g) do artigo 223 do TRLCSP, única que prevé iniciar o procedemento para a adxudicación dun novo contrato (no presente suposto a súa execución total, dado que non se ten iniciado), incluso por trámite de urxencia, posibilitaría:

- que ao tempo de concluír o expediente de resolución do contrato, como máximo tres meses, xa estaría adxudicada a obra, podendo iniciala e concluír, incluso, antes de finalizar o presente exercicio orzamentario.





- a xuízo da funcionaria informante, o concello non tería que indemnizar ao contratista pola resolución do contrato, dado que a causa da dita resolución é imputable a este, tal e como queda debidamente xustificado no informe emitido por esta funcionaria o 9 de agosto de 2016, primando o interese público na execución e posta a disposición da obra, que segundo o apartado 3 da Memoria do proxecto relativa á Descrición das obras supón:

a) dispoñer dunha rede separativa de augas pluviais no polígono industrial do Temple, evitando que as ditas augas se filtren ao terreo ou vertan á rede de fecais cos problemas que carrega polo aumento de caudais no bombeo situado no Paraugas.

b) renovación da rede de abastecemento existente e en mal estado na Pega, coa conseguinte substitución das acometidas domiciliarias existentes.

c) execución dun novo tramo de rede de abastecemento no lugar de Apartada, dando cumprimento ao establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, respecto dos servizos mínimos obrigatorios que deben prestar todos os municipios, entre eles o abastecemento domiciliario de auga potable.

Agora ben, esta funcionaria obviou a circunstancia da imposibilidade de conseguir o interese público perseguido, e polo tanto decae a aplicación da causa de resolución prevista no artigo 223 g), dado que a modificación do proxecto aprobada mediante Resolución número 1368/2015, do 6 de agosto, non permite o inicio do procedemento de adxudicación da obra por trámite de urxencia, xa que no resumo do proxecto modificado figura no Capítulo 4. Xestión de residuos, unha partida por importe de 531,84 euros, e a xuízo da funcionaria informante, para incoar un novo expediente de contratación resulta necesario dar cumprimento ao establecido no artigo 4.1 a) 7º do Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición e, polo tanto, **o proxecto modificado debe incluír en partida independente do orzamento unha valoración da totalidade do custo previsto da xestión de residuos, incluíndo os valorados pola enxeñeira de obras públicas municipal no anexo número 2. Xustificación de prezos e no orzamento, así como os valorados polo director de obra no informe emitido o 6 de xullo de 2016.**

A redacción do novo modificado, aprobación polo Pleno municipal e posterior aprobación polo Pleno da Deputación Provincial, impide que poida incoarse o novo expediente de contratación ao mesmo tempo que o expediente de resolución do contrato (dispoñer do proxecto aprobado esixe un mínimo de dous meses), polo que a funcionaria informante propón manter a Resolución número 1368/2015, do 6 de agosto do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos para o suposto de que o contratista non presente o plan de xestión de residuos correspondente ás partidas que si estaban contempladas no proxecto que lle foi entregado, e que está obrigado a executar, o que impedirá a iniciación da obra, tal e como se deriva da cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares que expresamente aceptou o contratista coa sinatura do contrato, prego no que constan asinadas por el, e segundo a cal:

*“18.3. Programa de traballo, plan de seguridade e saúde, plan de residuos e relación de subcontratistas e subministradores. Dentro dos 15 días naturais seguintes ao da sinatura do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o contratista presentará o Programa de traballo, o Plan de Seguridade e Saúde, o Plan de residuos específico (para os efectos do disposto no artigo 5 e concordantes do R.D. 105/2008) e relación de subcontratistas e subministradores, co importe de obras a realizar, e neste caso, para os efectos da Cláusula 35 do presente prego.”*

Tendo en conta que, tal e como fai constar o concelleiro delegado de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio na providencia de data 7 de outubro de 2016, na reunión mantida co contratista o 9 de agosto de 2016 á que asistiu esta funcionaria, o contratista amosou a súa disposición a executar a obra nos termos do contrato, quedando en comunicar ao concello a dita circunstancia.

Tendo en conta que segundo consta na providencia, e a pesar do exposto na reunión, o contratista mantén a súa posición de non executar a obra nas condicións previstas no proxecto que lle foi entregado para a



licitación no cal, como quedou demostrado, aínda cando non contén o Anexo 4. Xestión de residuos, nin valoración en capítulo independente do orzamento, a valoración aparece contida noutros documentos do proxecto, tanto no Anexo número 2. Xustificación de pagos, como no Orzamento, documentos que non sufriron variación, sendo o orzamento de execución material idéntico ao proxecto definitivamente aprobado pola Deputación.

Considerando que como quedou exposto no informe xurídico, o contratista está obrigado a presentar o plan de xestión de residuos adaptado ás valoracións contidas no proxecto, e que á vista do manifestado na reunión e posterior postura adoptada, máis parece unha actitude obstrucionista coa que poder obter un beneficio a través dunha pretendida modificación do contrato.

Considerando que o contratista coa non presentación do Plan de xestión de residuos adaptado á valoración efectuada no proxecto, impide que se poida iniciar a execución da obra, tal e como consta expresamente na cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas particulares por el aceptadas ao presentar a oferta e formalizar o contrato, téndose incumplido o prazo total para a execución da obra, execución que ten sido prorrogada en catro ocasións pola Deputación Provincial, sendo responsable pois do dito incumplimento."

Neste informe formúlase proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio de data 10 de outubro de 2016.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución núm. 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Estimar a alegación formulada polo contratista nos escritos presentados o 18 de xullo e o 30 de outubro de 2015 respecto de que o CD que lle foi entregado para formular a oferta foi o aprobado polo Pleno municipal en sesión ordinaria do 27 de decembro de 2012, polo que nel non figura nin no índice xeral nin dentro do propio documento, o Anexo nº 4. Xestión de residuos, e tampouco figura unha valoración en capítulo independente do Orzamento.

Non obstante, tal e como se fai constar nos apartados Primeiro e Terceiro do informe emitido pola secretaria xeral o 9 de agosto de 2016 e entregado ao contratista na reunión mantida no mesmo día, a única diferenza entre o proxecto entregado ao contratista e o aprobado posteriormente polo Pleno municipal o 31 de xaneiro de 2013, así como polo Pleno da Deputación Provincial en sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2013, e con carácter definitivo mediante Resolución da Presidencia de Deputación do 23 de xaneiro de 2014 autorizando ao propio tempo ao concello a iniciar o expediente de contratación, é que neste último proxecto se inclúe o Anexo nº 4. Xestión de residuos no que se fai unha cubicación deles, pero non se valora, nin se modifica documento ningún do proxecto, polo que o resto de documentos que conteñen ambos proxectos son idénticos, manténdose sen variación o orzamento de execución material en 114.870,22 euros e o orzamento base de licitación en 165.401,63 euros.

**Segundo:** Rexeitar o Plan de xestión de residuos presentado mediante escrito rexistrado de entrada ao número 0/3380 o 20 de abril de 2015, por un orzamento total IVE incluído de 27.125,04 euros e, polo tanto, rexeitar a súa aprobación polos motivos que constan no apartado Quinto letras A) a D) do informe emitido pola secretaria xeral do 9 de agosto de 2016 e que de forma sucinta se relacionan:



- a xestión de residuos incluídos no plan de xestión presentados pola empresa están valorados no Anexo número 2. Xustificación de prezos e no Orzamento, páxinas 1, 2 e 4 do proxecto facilitado ao contratista, documentos que son idénticos ao proxecto aprobado definitivamente pola Deputación Provincial

- non existe contradición entre o apartado número 13 da memoria do proxecto titulado Xustificación cumprimento do Real decreto 105/2008 para a xestión de residuos, último apartado, por canto ao longo dos documentos do proxecto facilitado ao contratista, e aprobado pola Deputación en idénticos termos, se tivo en conta a carga, transporte de material sobrante a vertedoiro autorizado e canon de vertido, aínda cando non conste en capítulo independente.

- segundo se deriva do informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal do 1 de abril de 2016: a valoración do plan de xestión proposta polo contratista suporía un 23,61% e, na comparativa que efectúa respecto de obras similares licitadas por distintas Administracións públicas, a porcentaxe da xestión de residuos sería dun 1,38% sobre o orzamento de execución material do proxecto (114.870,22 euros).

- a Deputación Provincial debeu entender incluída a valoración da xestión de residuos dentro do Anexo 2. Xustificación de prezos e dentro do Orzamento tal e como se fixo constar anteriormente, por canto aprobou o proxecto en idénticos termos co mesmo orzamento de execución material e de licitación, agás coa inclusión do Anexo 4 no que, como se fixo constar anteriormente, se efectuou a cubicación dos residuos pero sen valoración en partida independente, e aprobando o financiamento da obra por parte das dúas entidades:

Concello: 82.013,33 euros  
Deputación: 82.388,30 euros

- o contratista tamén o entendeu así cando presentou o 26 de febreiro de 2015 o Plan de obras e o Plan de residuos para aprobación, incluíndo os códigos que aparecen valorados en idénticos termos en ambos proxectos, facendo constar a súa entrega a un xestor de Culleredo, limítrofe con Cambre, chamando a atención que no novo plan de xestión presentado por importe de 27.125,04 euros propón a un xestor de Carballo.

- e á mesma conclusión que a Deputación Provincial e o contratista chegaron os licitadores que formularon oferta, dada a reducida diferenza de puntuación obtida polos licitadores que ofertaron a mellor oferta:

	<u>puntos</u>	<u>oferta</u>
- SYR-Amg, S.L.U	84,68	110.273,17 €
- Construcciones Rocha Corral, S.L.	83,87	110.872,30 €
- GR Construcciones, Obras y Servicios S.L.U.	82,42	111.943,76 €
- Hordescón, S.L.	79,14	114.375,23 €

- en conclusión, non soamente se tivo en conta no orzamento base de licitación a xestión de residuos, senón que a valoración proposta polo contratista resulta a todas luces desproporcionada, non axustada á realidade, e á vista da última reunión mantida co contratista e do manifestado nela, pódese considerar que el ten adoptado dende o primeiro momento unha actitude obstrucionista, pretendendo obter un beneficio a través dunha pretendida modificación do contrato.



**Terceiro:** Rexeitar as alegacións contidas no escrito presentado o 18 de xullo de 2015 respecto da non aplicación do Anexo 4 ao contratista polos mesmos motivos que quedaron expostos ao rexeitar o Plan de xestión de residuos presentado e, en concreto, porque aínda que no Anexo 4 se facía a cubicación dos residuos, no dito Anexo non se facía valoración, senón que se valoraban de xeito detallado nos documentos que contén o proxecto (os mesmos que contén o aprobado pola Deputación), e así o entendeu o contratista cando no primeiro Plan de xestión de residuos presentado o 26 de febreiro de 2015, relacionou expresamente os residuos a xerar, segundo transcripción literal:

“Os residuos que se xerarán na obra serán os seguintes:

- Código 170101 Formigón
- Código 170302 Mezclas bituminosas distintas das especificadas no código 170301
- Código 170504 Terra e pedras distintos dos especificados no código 170503”

É dicir, non pode alegar o contratista o descoñecemento nin presunción de que o concello puidera asumir pola súa conta e risco a xestión de residuos, cando el mesmo os relacionou e propuxo a súa entrega a un xestor autorizado dun concello limítrofe a Cambre, decaendo claramente, e ao propio tempo, a afirmación de que a valoración de residuos non fora tida en conta na elaboración da oferta.

Polo mesmo, queda contestado o requirimento efectuado nos escritos presentados o 17 de agosto e o 30 de outubro de 2015 respecto a que se aclare se o plan presentado por el se axusta ao solicitado polo concello, incluso “a parte económica” que pretende dirimir nunha reclamación posterior mediante as accións oportunas ao efecto.

Tal e como consta no apartado Sexto do informe xurídico de data 9 de agosto de 2016, xa quedou motivada a imposibilidade de aprobar o plan de xestión de residuos proposto pola empresa, dado que as unidades incluídas no plan xa están valoradas nos documentos do proxecto que se lle facilitou, proxecto que ten carácter contractual, tal e como establecen a cláusula 1.1. do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato e aceptadas polo contratista coa presentación da oferta e a formalización do contrato “O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual”, e, por outro lado, o plan presentado polo contratista non inclúe a xestión doutros residuos cuxa valoración non se incluíu no proxecto, deficiencia detectada polo director de obra.

**Cuarto:** Ratificar a aprobación do documento denominado “Informe nº 4” aprobado mediante Resolución número 1368/2015, do 6 de agosto, do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, presentado polo director da obra incluída no POS Adicional 1/2013 “Nova rede de pluviais no polígono industrial do Temple e redes de abastecemento na Pega, (Cambre) e Apartada (San Lourenzo), Cambre 2012”, don Manuel Ángel Pisos Veiga, que contén as modificacións ao proxecto antedito, contempladas na Resolución número 1007/2015 do 9 de maio de 2015 ditada polo concelleiro delegado de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación en funcións, e que supón un novo importe de execución por contrata, unha vez aplicada a baixa ofertada polo adxudicatario, de 110.783,73 euros IVE incluído (que implica un incremento de 510,56 euros no prezo orixinal, IVE incluído, do contrato suscrito.

**Quinto:** Tendo en conta que se cumpriron os trámites previstos para a modificación do contrato de obras, artigos 105 a 107, artigo 219 e artigo 234 do TRLCSP, tratándose o presente suposto da modificación debido a un erro ou omisión producido na redacción do proxecto que non altera



as condicións esenciais da licitación e adxudicación, limitándose a modificación a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fixo necesaria, tal e como queda exposto na Resolución do 28 de marzo de 2012, da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, pola que se publica a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a interpretación do réxime contido no artigo 107 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público sobre as modificacións dos contratos, modificación que resulta pois obrigatoria para o contratista, de manter o contratista a súa oposición á modificación proposta, declarar que o concello se atopa na situación contemplada no artigo 234.2 do TRLCSP e máis na cláusula 34.3 do prego-tipo aplicable á presente obra, que determinan que cando as modificacións supoñan a introdución de unidades non previstas no proxecto, ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables a estas serán fixados pola Administración, logo da audiencia do contratista polo prazo mínimo de tres días hábiles, se ben, se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, ou executatalas directamente.

**Sexto:** Conceder á empresa SYR-AMG o prazo de cinco días hábiles para que presente o Plan de xestión de residuos correspondente ás partidas que si estaban contempladas no proxecto orixinal ao que o contratista deu expresamente a súa conformidade, e que está obrigado a executar, sendo estas, en concreto, as seguintes:

- excavación e tapado das zanzas (EXCREPZANPOZ),
- demolición e levantamento das beirarrúas e viais (U01AB010), e
- excavación en zanza en terreos sen clasificar de calquera tipo , ( U01EZ070),

ou, no suposto de estar de acordo, o modelo de plan de xestión de residuos elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal que lle foi entregado o día 9 de agosto de 2016, e que se adapta ao proxecto orixinal e á proposta de proxecto modificado nº 1 presentada polo director de obra, e aos planes presentados pola propia empresa.

**Sétimo:** No suposto de que o contratista non presente o Plan de xestión de residuos no prazo concedido para o efecto, redactarase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal un proxecto modificado no que, dentro do orzamento, e en capítulo independente, se inclúa unha valoración da totalidade do custo previsto para a xestión de residuos, incluíndo os valorados por ela mesma no Anexo número 2. Xustificación de prezos, e no orzamento, así como os valorados polo director de obra no denominado Informe nº 4 do 6 de xullo de 2015, no que, dentro do resumo do orzamento de execución material do proxecto modificado inclúe un capítulo 4 de xestión de residuos de 531,84 euros, sendo o orzamento de execución material de 115.402,06 euros, proxecto que servirá para demostrar que o contratista pretende obter un enriquecemento ao presentar unha modificación totalmente desproporcionada e non axustada á realidade.

**Oitavo:** Tendo en conta que tal e como se establece na cláusula 18.3 do prego de cláusulas administrativas, aceptadas polo contratista coa presentación da oferta e a formalización do contrato, o inicio das obras require que previamente se presente o plan de residuos, advertirlle á empresa que, tal e como se fixo constar no apartado cuarto da Resolución número 1368/2015, do 6 de agosto do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, notificada no seu día, no caso de incumprimento deste requirimento, entenderase que está a incumprir cunha obriga contractual esencial, en canto impide o inicio da obra, tendo incumplido, igualmente, o prazo total de execución ao non poder iniciarse a obra, dado que aínda cando se formalizou a acta de comprobación do replanteo o 6 de febreiro de 2015 (que o adxudicatario no seu escrito do 30 de outubro de 2015 manifesta non lembrar ter asinado), resulta condición necesaria para o



inicio a presentación do plan de xestión de residuos, polo que se incoará expediente de resolución do contrato ao abeiro do establecido nas cláusulas 223 d) e f) do TRLCSP, coas consecuencias que poidan derivarse da finalización do contrato por causa imputable á adxudicataria, e que se establecen, entre outros, no artigo 225 do TRLCSP.

**Noveno:** Notificar os presentes acordos á empresa adxudicataria, aos técnicos que dirixen e coordinan a execución da obra e maila súa seguridade e saúde, e á responsable do contrato.

**Décimo:** Notificar, así mesmo, os presentes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro do establecido na Base nº 8 das reguladoras do POS 2013 (BOP nº 248 do 31/12/2012), que determinan que “Se durante a execución das obras xurde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado texto refundido da Lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación.

De conformidade coa xa citada Base nº 8 das reguladoras do POS 2013, o Concello de Cambre financiará o incremento do prezo orixinal do contrato, que sexa preciso contratar externamente, e que ascende a 510,56 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 161.619.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente  
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral  
Mª Luisa de la Red Ampudia